

Recurso nº 93/2018**Resolución nº 86/2018****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 1 de outubro de 2018.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por M. G. G. actuando en nome e representación de COMERCIAL AGRÍCOLA GUERRA, S.L.U. contra o prego de prescricións técnicas da contratación, pola Consellería do Medio Rural, dunha subministración de quince tractores desbrozadores novos, expediente 41/2018, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adiante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Pola Consellería do Medio Rural convocouse a licitación do contrato de subministración de quince tractores desbrozadores novos, expediente 41/2018, dividida en 4 lotes, cun valor estimado declarado de 1.275.000 euros.

Tal licitación foi obxecto de publicación no DOUE en 21.08.2018 e na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia o 20.08.2018, con corrección de erro no PCAP o 22.08.2018.

Segundo.- O expediente da licitación recolle que a mesma estivo sometida á Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP, en adiante).



Terceiro.- COMERCIAL AGRÍCOLA GUERRA, S.L.U. interpuxo recurso, denominado de reposición, perante o órgano de contratación contra o prego de prescricións técnicas (PPT), remitido por burofax de data 20.09.2018, ao que se lle deu entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia o día 21.09.2018.

Estamos perante un contrato e acto susceptible do recurso especial en materia de contratación, ao abeiro do artigo 44 LCSP, polo que ao abeiro do apartado 5 dese artigo non procedía a interposición dun recurso administrativo ordinario, como o de reposición.

Significar que no anuncio de licitación no DOUE xa se designaba a este TACGal como o órgano competente para os recursos contra esta licitación. Pola súa banda, a cláusula 14 do PCAP informaba do sometemento ao recurso especial ao abeiro do artigo 44 LCSP.

En todo caso, ao abeiro do 115.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se lle deu a tramitación que correspondía a un recurso especial en materia de contratación.

Cuarto.- Con data 24.09.2018 reclamouse á Consellería do Medio Rural o expediente e o informe ao que se refire o artigo 56.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, que se recibe o 28.09.2018.

Quinto.- Examinado o expediente administrativo, o TACGal considerou que xa non procede abrir o trámite de traslado do recurso para alegacións a outros licitadores ao abeiro do artigo 55 LCSP.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do artigo 35 bis. 5 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- O presente recurso tramitouse conforme os artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de

aplicación, polo Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual aprobado polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro.

Terceiro.- Na interposición do recurso, a recorrente presentou unicamente o texto do recurso. Considerando emendable a omisión de sinatura e a falta de documentación, con base no artigo 51 LCSP, o TACGal deulle prazo de emenda para asinar o recurso, acreditar a representación do comparecente e mais o obxecto social da entidade mercantil, co fin de apreciar a súa conexión co obxecto da contratación. A notificación electrónica púxose a disposición o 24.09.2018, por prazo de tres días hábiles, segundo establece o artigo 51.2 LCSP. Rematado o mesmo, non se recibiu emenda neste Tribunal.

O artigo 55 LCSP establece que o órgano encargado de resolver o recurso, tras a reclamación e exame do expediente administrativo, poderá declarar a súa inadmisión cando constare de modo inequívoco e manifesto calquera dos supostos no precepto citados, entre os cales, na letra b) recóllese o seguinte *“A falta de lexitimación do recorrente ou de acreditación da representación da persoa que interpón o recurso en nome doutra, mediante poder que sexa suficiente para ese efecto”*.

A inadmisión xa aparece entón por canto que non se xuntou tal poder. Só a maiores, tampouco constaría a súa lexitimación por canto tampouco se aportou documentación acreditativa do seu obxecto social, tendo ademais en conta que a empresa recorrente non aparece na listaxe de licitadores presentados, remitido polo órgano de contratación.

Cuarto.- Por último, a efectos de esgotar os aspectos ligados á admisibilidade do recurso, significar que os pregos impugnados publicáronse na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia o 20.08.2018, con corrección de erros no PCAP 22.08.2018 (que non é o aquí recorrido), polo que, en calquera dos casos o recurso presentado nas datas transcritas é extemporáneo por traspasar o prazo de quince días hábiles que establece o artigo 50.1.b) LCSP, como tamén indica o informe do órgano de contratación.

Igualmente aquí o artigo 55 LCSP establece que o órgano encargado de resolver o recurso, tras a reclamación e exame do expediente administrativo, poderá declarar a súa inadmisión cando o suposto sexa: *“d) A interposición do recurso unha vez finalizado o prazo establecido para súa interposición”*.

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Inadmitir** o recurso interposto por COMERCIAL AGRÍCOLA GUERRA, S.L.U. contra o prego de prescricións técnicas da contratación, pola Consellería do Medio Rural, dunha subministración de quince tractores desbrozadores novos, expediente 41/2018, dividido en 4 lotes.

2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo del Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.